

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 31

ano 5

novembro-decembro 2010

HERÁLDICA E CERTIFICACIÓNS DE ARMAS

Pertencer a unha liñaxe nobre na **sociedade estatal** do Antigo Réxime (ca. 1480 - ca. 1835), supuña -ademais de poder, riqueza e prestixio social- o goce de privilexios como a exención de obrigas fiscais que recaían enteiramente sobre as xentes do **estado chan**: campesiños, artesáns, comerciantes ... Cando os concellos elaboraban listas cobratorias para repartir o pago dun imposto do que estaban exentos os estamentos privilexiados (nobreza e clero), adoitaban incluír nelas a familias que se autoafirmaban fidalgas, negándolles ou suscitando dúbidas sobre a súa pertenza ao **estado nobre**.

Neses casos, para acreditar a súa condición nobiliaria, estas liñaxes exhibían documentos tales como executorias de fidalguía emitidas polas chancelerías de Valladolid e Granada, ou **certificaciós de armas** expedidas polos reis de armas. Este tipo de documentos, habituais nos **arquivos dos pazos**, tamén aparecen nos dos concellos onde eran depositados por estas familias como proba documental da súa pertenza á fidalguía, o estrato máis baixo da nobreza.

Tal é o caso da certificación que protagoniza este número de *Fron da*, conservada no fondo do **Concello de Ourense** xunto a outros documentos dos **Méndez** destinados a probar a súa calidade nobre, e que fora posta en cuestión polo concello a finais do século XVI. Debeu de ser entregada ao consistorio por don **Alonso Méndez Montoto** despois de que lle fose expedida polo rei de armas Juan de España en 1583. Consta dunha reprodución policromada do brasón dos Méndez acompañada pola súa descrición heráldica e unha diligencia notarial que autentica a súa fidelidade co rexistro do rei de armas:

Los Méndez son muy buenos hijosdalgo y ... las armas propias deste linaje es un escudo en campo de gulas y en él una cruz de San Juan de plata ...

Como tantas familias fidalgas, os Méndez fixeron un profuso emprego dos seus brasóns nas edificacións que erixiron na cidade de Ourense. **Rexedores** do Concello durante boa parte do Antigo Réxime e fundadores da venerada **ermida dos Remedios** sita nesa cidade, integráronse dende finais do século XVI entre as familias da **elite urbana**.

Tanto na devandita ermida -levantada por Francisco Méndez en 1522 e reedificada polo seu fillo Alonso Méndez Montoto en 1584- como no pazo que construíron preto da porta norte da Catedral (actual Museo Municipal de Ourense) locen nas súas fachadas as labras heráldicas dos Méndez e dos **Montoto**, como tamén en distintos documentos do seu fondo familiar conservado no AHPOu.



1583, xaneiro, 25. Madrid

Certificación das armas e apelidos da liñaxe dos Méndez expedido por Juan de España, rei de armas da Súa Maxestade, a pedimento de Alonso Méndez Montoto.

Pergameo. 205 x 310 mm. fol 14-15.

Inserto en "Papeles de la ydalguía de Francisco Méndez y de su hijo Alonso Méndez..." (1507-1614). 60 fol. B AHPOu. Concello de Ourense. L. 255

A Heráldica nos documentos

Xunto á simboloxía relixiosa, os emblemas heráldicos son as **representacións ideográficas** herdadas do pasado das que conservamos máis vestixios: labras en edificios de corporacións públicas e relixiosas, en pazos urbanos e rurais, en igrexas e camposantos... Tamén se poden atopar como elementos figurativos de documentos bibliográficos e, máis en particular, nos documentos de arquivo de todas as épocas. Neste último caso adoitan aparecer en forma de selo, pero tamén en ilustracións de gran **riqueza cromática** como no caso das certificacións de armas.

Os **selos** serven para garantir a autenticidade dos documentos e neles introducíronse os brasóns para representar visualmente a identidade da persoa ou institución sixelante, de xeito que lles confiren un valor autenticador semellante ao da sinatura. Así, dende a Idade Media a documentación da Coroa -logo do reino ou do Estado- leva selos co **escudo** do rei, e a dos concellos e universidades cos dos seus emblemas correspondentes. De igual maneira, na documentación dos mosteiros e conventos poden atoparse as figuras heráldicas de cadansúa orde ou congregación; e o mesmo pode dicirse dos diplomas emitidos por bispos, cabidos catedralicios ou ordes militares.

As representacións heráldicas acadan especial visibilidade nos documentos da **nobreza**, un grupo social que durante a Idade Moderna se apropiou do uso deste **código simbólico** para convertelo nun dos signos externos que, reflectindo os seus ideais cabaleirescos, os diferenciaba dos non privilexiados. Por iso, nos **arquivos da fidalguía** o escudo familiar adoita aparecer en documentos como executorias de fidalguía, libros tombos, xenealoxías, etc., xunto aos propiamente heráldicos como as certificacións de armas.

Os reis de armas e os seus rexistros

A utilización de símbolos representativos dunha **liñaxe** xorde durante o século XII na sociedade guerreira do occidente europeo onde os cabaleiros se identificaban no campo de batalla mediante o brasón pintado no **escudo**, que adoitaba facer referencia ao seu nome ou aos seus dominios. De aí que o escudo se convertese no soporte das figuras heráldicas e vaia provisto de ornamentos exteriores de orixe militar: cimeira, helmo, lambrequíns, lanzas...

Tamén no medievo xorden os **heraldos**, especialistas na elaboración de informacións de nobreza que asemade se encargaban de pescudar e ditaminar o brasón de cada liñaxe. En Europa esta práctica foise sistematizando, regulamentando e dotando dunha terminoloxía propia, ata converter á Heráldica nunha disciplina autónoma.

Os **reis de armas**, heraldistas "oficiais" nomeados polos reis hispanos, confeccionaban e custodiaban **rexistros de brasóns** nos que supostamente se baseaban para expedir certificacións das auténticas armas que podía portar unha familia ou individuo, previo pago da

correspondente **taxa**. Pero non se limitaban a describir os compoñentes do escudo senón que, como vemos no caso da certificación dos Méndez, tamén cualificaban a nobreza do apelido do solicitante ("Los Méndez son muy buenos hijosdalgo...") coa simulación de que todos os que portaban un mesmo apelido pertencían á mesma liñaxe.



Escudo de armas dos Montoto. AHPOu. Concello de Ourense. L. 255

Independentemente da veracidade da información contida nestas certificacións, o certo é que os solicitantes as exhibían ante os seus veciños como **proba de nobreza** e se vían autorizados a colocar o brasón na fachada da súa casa, nos sepulcros dos seus devanceiros, e en cadros, tapices, aneis, e distintos enseres domésticos etc.

Asemade, os reis de armas tamén deseñaban os brasóns concedidos polo rei aos novos nobres, confeccionaban **xenealoxías**, tratados de heráldica e **armoriais** nos que se debuxaban e describían repertorios de brasóns. Na actualidade, os rexistros históricos dos reis de armas custódiábanse na **Biblioteca Nacional** de Madrid.